

ENTREVISTA

Esta nova entrega de “Un mundo de historias”, parte dun relato de Darío Xohán Cabana. Que ten que amosar unha obra literaria para que xurda en Vde. o interese por transladala á linguaxe audiovisual?

“Un mundo de historias” ten unha finalidade moi concreta, que é a de adaptar textos da literatura galega, polo que a primeira característica que ten que cumprir unha obra é, loxicamente, a de formar parte do noso sistema. E logo... pois que se trate de historias que nos parezan próximas ás arelas das persoas que viven neste tempo, que nos chamen a atención, que posúan un claro valor artístico... Eu penso que, practicamente todas, as boas obras literarias poden ser levadas ao espazo audiovisual. Porque, despois, hai tamén un traballo de reconstrución; falamos doutra clase deinguaxe, de ficción audiovisual, dunha forma ben diferente da literaria. Polo tanto, sempre ten que haber un traballo de transposición desde un ámbito cara ao outro.

- N’A Mariñeira, acompañouno na escrita do guión Xabier Cordal. Como transcorreu ese labor?

-No proxecto de “Un mundo de historias” está sempre previsto que escritores do campo literario galego teñan participación como guionistas; neste caso, o traballo con Xabier foi moi doado e moi interesante. Somos amigos, coñecemosos dende hai tempo; entón, coido que este tipo de cousas tamén axudan moito. Xabier desglosou moito o arranque

castelán, sen sequera cuestionarse a posibilidade de facelo en lingua galega. Pero o que si poño en dúbida é que ese poida ser o modelo único e que esa deba ser, ademais, a fórmula que sistematicamente reciba os apoios públicos. Nós, o que pretendemos é que se saiba que rodar películas en galego é posíbel, alén de necesario. E, ademais, dende o momento en que existen semellantes películas, existe tamén un modelo de audiovisual diferente, que non entra a xogar no mesmo campo no que xoga o feito en castelán, que é o audiovisual español.

- Non acredita, pois, nese criterio que inclúe baixo o nome de cinema galego todo o cine feito en Galicia...

-Chamarlle cine galego a cousas que se fan sen actores galegos, sen o idioma, e só polo feito de que se rode unha parte en Galicia, ou que a coproduza unha empresa con capital en parte galego, ou que a dirixa un director nacido en Galicia... paréceme un tanto absurdo. Nós apostamos por un audiovisual que realmente se conciba como o audiovisual propio dun país; nin mellor nin peor, coas posibilidades que o talento creativo que se pon en xogo en Galicia nos ofrezca. E rexeitamos rotundamente un audiovisual plantexado dende un punto de vista de subalternidade con respecto ao español, que creo que é por onde camiña o audiovisual hexemónico neste momento, ese discurso que fala de que Galicia ten que ser un plató cinematográfico etc. Porque plató cinematográfico pode ser, de fei-

to, calquera lugar do mundo. Esa é unha visión subalterna que o único que procura é participar no mercado español con producións subvencionadas, pero pouco máis.

- Aínda que vinculado laboralmente á TVG, Vde. procede do mundo das letras. Como chegou até a dirección audiovisual?

-Coido que un tanto por casualidade. A min, por lóxica, o que en principio sempre me interesou máis con respecto ao audiovisual, canto a labores creativos, era a escrita de guións. Pero de aí, por unha serie de circunstancias ... Vaia, primeiro porque, no seu momento, fun eu quen lle propuxen á dirección da CRTVG a elaboración deste produto e, polo tanto, son o director e responsábel do proxecto. É unha incursión, insisto, bastante por casualidade, pero moi consciente tamén, porque nace desa formulación a priori que é intentar poñer en funcionamento, dentro do eido audiovisual galego, un conxunto de produtos que cumpran certas características.

- Rodaron A Mariñeira en Quilmas. Como foi a relación cos veciños?

-Moi boa. Despois de catro semanas que, para nós, foron bastante intensas, pois acabas establecendo lazos case de pertenza. Un pertence a todos os sitios aos que se sente ligado afectivamente, e iso creo que nos pasou a todos. Rodamos fundamentalmente no porto de Quilmas, do que existe o proxecto, como todo o mundo sabe, de que se-

xa literalmente tragado pola ampliación dunha piscifactoría. O equipo de dirección artística, que dirixiu Curru Garabal, habilitouno para que servise de escenario da gran maioría das secuencias; un escenario ideal para a película, que necesitaba esas referencias visuais.

- O film xira arredor de María, a mariñeira, que interpreta Camila Bossa. Resultoulle difícil dar coa actriz axeitada para o papel?

-Era complicado, porque se trata dunha personaxe moi potente, para a que había que atopar unha persoa que cumprise todas as características que eu coidaba que debía ter: forza, pero ternura; capacidade de supervivencia; ao mesmo tempo, demostrar amor... Hai que ser moi boa actriz para poder darlle credibilidade a unha personaxe tan poliédrica e tan profunda como a de María. Fixemos un casting e estou feliz de ter optado por Camila, porque coido que é unha actriz inmensa que, como tantos actores que fan o seu traballo en Galicia, está moi infravalorada. Creo que quen vexa esta película, e observe o seu traballo nela, terá que recoñecer que está ao nivel de calquera estrela na que poidamos pensar hoxe; non xa no panorama do cinema español, senón incluso fóra. Penso que fixo un traballo espléndido, precisamente porque soubo captar esa multiplicidade de caras que a personaxe presenta, e que é o seu maior atractivo e que acaba namorando ao espectador tal e como a personaxe do conto namora ao lector.



FOTO: ELI REGUEIRA

deste guión e, logo, entre os dous lle acabamos dando a forma definitiva. Había a necesidade de reconverter un conto de apenas seis ou sete páxinas nunha película de hora e media, e ese é un traballo que require bastante tempo, bastantes doses de imaxinación e de atrevemento, aínda que contabamos con que o propio conto ofrecía moitas posibilidades de desenvolvemento. Pero, vaia; ese é, precisamente, o atractivo da formulación deste proxecto: que escritores que nunca antes tiveran contacto coa escrita dun guión se enfronten a toda esta clase de problemas.

- Outro dos obxectivos de “Un mundo de historias” é elaborar produtos audiovisuais na nosa lingua. Por que se rodan tan poucos filmes en galego?

-Porque eu creo que hai unha visión subalterna dos que ocupan hoxe os espazos hexemónicos no audiovisual en Galicia, tanto produtores como directores ou guionistas. Coido que é un problema de posturas, de enfrentarse á realidade e de tomar partido con respecto dela, máis nada. É igual que cando unha persoa decide que quere ser escritor: en situacións como a de Galicia, ten dúas opcións: unha é escribir en castelán; outra é levalo a cabo en galego. Entón, o escritor elixe. E aquí pasa un pouco o mesmo. Eu respecto por completo esa liberdade de opción que a inmensa maioría dos produtores galegos, e unha moi boa parte dos directores e guionistas, adoptan conscientemente, que é a de producir para o mercado español, e producir en

Antón Dobao

“Hai unha visión subalterna por parte dos que ocupan os espazos hexemónicos no audiovisual en Galicia”

Dende que, en 1999, emprendera “Un mundo de historias”, Antón Dobao levou á pequena pantalla obras de Castelao, Dieste, Méndez Ferrín, Cid Cabido, Xosé Miranda ou Alfonso Álvarez Cáccamo. Primeiro, en formato de miniserie e, logo, como películas para a televisión. O último capítulo deste proxecto é a adaptación dun conto de Darío Xohán Cabana, A Mariñeira: “unha historia de resistencia, sobre todo de resistencia das mulleres”.



NATALIA ÁLVAREZ

- E o resto de actrices e actores?

-No caso de María Vázquez non fixemos casting. É unha actriz que me parece excelente, coa que tiña moitas ganas de traballar, e esta era unha ocasión boísima para acadar o privilexio de dirixila. Como tamén o foi traballar con Morris, ao que tampouco se lle fixo casting porque me parecía absolutamente innecesario e eu tiña clarísimo que ese personaxe era el. Ou Monti Castiñeiras ou... calquera dos actores que están na película, porque creo que están todos eles nun nivel extraordinario. Eu resalto o caso de Camila porque aí si que quixemos facer unha proba, para ver que actriz podería dar todas esas dimensións da personaxe.

- A película presentouse o pasado 19 de decembro en Santiago de Compostela. Hai data xa para a súa emisión na TVG e máis na Televisió de Catalunya?

-Aínda non. De todos os xeitos, si que nos apetecería ver que posibilidades ten de acudir a algún festival, de ser vista máis aló da pequena pantalla. Creo que ten potencialidades para cubrir un ciclo un pouco máis amplo que o que pode ofrecer a emisión en televisión.

- Xa pensaron cal será a vindeira obra de “Un mundo de historias”?

-Temos decidido que traballaremos sobre unha adaptación de O club da calceta, unha novela de María Reimóndez. Será casualidade ou non, pero volvemos coas mulleres...